

1. O GALEGO, LINGUA ROMÁNICA

O galego é unha lingua románica ou romance porque deriva directamente do latín, igual có catalán, o castelán, o occitano ou o romanés. Isto non quere dicir que todo o noso vocabulario sexa latino, pois no latín vulgar que trouxeron os romanos influíron tamén outras linguas: as que falaban os pobos que habitaban o territorio antes da súa chegada (preceltas e celtas) e outras, propias dos pobos que invadiron a Gallaecia despois da caída do Imperio Romano, a partir do século V d.C. (xermánicas e árabe).


A base do galego, polo tanto, é o latín (lingua de estrato), mais tamén conserva trazos doutras linguas: preceltas e celtas (linguas de substrato), xermánicas e árabe (linguas de superestrato).

· Galicia prerromana (ata o s. I a.C.) - Linguas de substrato

A Galicia prerromana estaba habitada por tribos ou pobos preindoeuropeos e, posteriormente, indoeuropeos (ou o que é o mesmo, preceltas e celtas) que se comunicaban nas súas linguas (preceltas ou celtas). Destes idiomas quédanos raíces (lexemas) e formantes léxicos, ademais de moito vocabulario, topónimos, hidrónimos... Por exemplo, das linguas preceltas conservamos palabras como *amorodo*, *cama*, *carballo* ou *toxó*; das celtas, *berce*, *bico*, *carro*, *cervexa*, *O Grove*, *Brión*, *Sar*, *Limia*, *Miño*...

A estas **linguas preceltas e celtas** faladas no territorio antes da invasión romana chamámoslles **LINGUAS DE SUBSTRATO**, pois preceden no tempo ao latín.

Nestes mapas podes ver a situación lingüística e a extensión do territorio, chamémoslle *galaico*, daquela:




• Gallaecia Romana (do s. I a.C ata o s. V d.C.) - Lingua de estrato

A conquista romana do noroeste peninsular comeza no ano 137 a.C. e remata sobre o 19 a.C.; constitúese a provincia da Gallaecia.

A base da nosa lingua é latina, concretamente o **latín vulgar** que falaban os romanos que chegaron ó territorio durante aquel tempo, por iso dicimos que o latín conforma o noso **ESTRATO LINGÜÍSTICO** ou que é a nosa **LINGUA DE ESTRATO**.

Nestes mapa podedes ver a extensión da provincia romana da Gallaecia en distintos momentos da historia:




Segundo a época en que o léxico latino se foi introducindo no galego, podemos diferenciar: palabras patrimoniais (as máis antigas e evolucionadas), palabras semicultas (máis tardías, sufriron algunhas evolucións) e palabras cultas (as máis novas, de incorporación “recente”, apenas sufriron cambios; tamén poden ser de orixe grega). Verémolas con detemento no apartado 2.

• Reino de Galicia (a partir do s. V d.C) - Linguas de superestrato

Despois da caída do Imperio Romano de Occidente no século V prodúcese na península Ibérica as invasións dos pobos xermánicos. As súas linguas inflúen no latín falado na Gallaecia, en evolución cara ao galego antigo, do que temos constancia da súa existencia xa no século IX. Os primeiros invasores, os suevos, constituíron na Gallaecia o primeiro reino medieval de Europa.

Nestes mapa podedes ver a extensión do Reino Suevo de Galicia en distintos momentos da historia:



Igual ca das linguas (pre)celtas, conservamos raíces, formantes, léxico, topónimos, antropónimos..., por exemplo: *branco, espía, guerra, roupa, xabón, Allariz, A Gudiña, Samil, Afonso, Alberte, Elvira, Fernando, Luís...*

Os árabes chegaron a Galicia no século VIII, moito máis tarde có resto da Península, pódese dicir que fixeron incursións máis que invadir, e influíron menos no galego, pero tamén deixaron a súa pegada. Moitos arabismos recoñécense porque comezan por *al-*. Igual ca das linguas de substrato e das linguas xermánicas, conservamos léxico, topónimos..., por exemplo: *aceite, aldea, azucre, cenoria, laranxa, xadrez, A Mezquita, Atalaia, Alfoz, Sada...*

A estas **linguas xermánicas e ao árabe** chegadas ao territorio despois da caída do Imperio Romano chamámoslles **LINGUAS DE SUPERESTRATO**, pois aparecen despois, no tempo, có latín.

2. VOCES PATRIMONIAIS E CULTAS

Chámaselle **étimo** á palabra que se considera orixe doutra (transcríbese en maiúsculas), por exemplo: PALUM>pau. Utilízase o símbolo ‘>’ para indicar “evoluciona a” e ‘<’ para “procede de”.

A maior parte dos étimos das palabras galegas son latinos, en concreto son palabras do latín vulgar falado polos romanos que se asentaron aquí durante e despois da colonización. Dependendo da época en que as palabras latinas entraron no noso idioma diferenciamos voces patrimoniais, semicultas e cultas.

Neste curso centrarémonos nas patrimoniais e nas cultas.

• Palabras patrimoniais

As palabras patrimoniais son as voces que se incorporaron xa na época da colonización romana e sufriron todas as evolucións que caracterizan o paso do latín ao galego. Algunhas destas evolucións son:

- Todas as palabras provenientes do latín que remataban en -M, perdérono: PERNAM>perna, MEUM>meu. Tamén se perden moitos -E finais: SOLEM>SOLE>sol.
- Os -U finais pasan a -o: BARBARUM>bárbaro, IMPERIUM>imperio.
- Caen o -L- e o -N- intervocálicos: FILUM>fío, LUNAM>lúa.
- As consoantes oclusivas xordas sonorizan ([-p-, -t-, -k-] > [-b-, -d-, -g-]): APERTUM>aberto, PRATUM>prado, SPICAM>espiga, APOTHECAM>bodega.
- Palatalizan en ch- os grupos consonánticos iniciais PL-, CL-, FL-: PLUVIAM>chuvia, CLAMARE>chamar, FLAMMA>chama.

• Palabras cultas

Os cultismos ou voces cultas son palabras que proceden do latín ou do grego e que entraron tardiamente no galego, de xeito que apenas sufriron modificacións, polo que manteñen a mesma forma orixinaria ou unicamente presentan pequenas adaptacións á fonética galega actual: COLLOCARE>colocar, OPERARE>operar.

A existencia de formas patrimoniais e cultas procedentes dun mesmo étimo orixina as familias léxicas irregulares:

ÉTIMO	CULTISMO	PATRIMONIAL	ÉTIMO	CULTISMO	PATRIMONIAL	ÉTIMO	CULTISMO	PATRIMONIAL
COLLOCARE	colocar	colgar	ARTICULUM	<u>articular</u>	artello	PALATIUM	palacio	pazo
OPERARE	operar	obrar	CALIDUM	cálido	caldo	PLENUM	pleno	cheo
PLENAM	plena	chea	CLAVEM	clave	chave	UMERUM	úmero	ombro